

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

Nome e apelidos:

Enderezo:

Correo electrónico

Teléfono:

Solicito ticket comida (11.5 €)

Solicito certificado de asistencia

ORGANIZAN



MUSEO DO MAR DE GALICIA



COLEGIO OFICIAL DE
INGENIEROS NAVALES Y OCEANICOS

PATROCINA



MUSEO DO MAR DE GALICIA



MUSEO DO MAR DE GALICIA

XORNADA TÉCNICA

ANALISE E PERSPECTIVAS PARA O RECOÑECEMENTO DO VALOR PATRIMONIAL, PRESERVACIÓN E USO DAS EMBARCACIONAIS TRADICIONAIS

Museo do Mar de Galicia
18 de Setembro de 2008

PRESENTACIÓN

Entre os días 5 e 6 de xullo do ano 2007, ao abeiro do VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia celebrado en Ferrol, tiveron lugar unhas xornadas técnicas organizada polo Museo do Mar de Galicia en colaboración con Colexio de Enxeñeiros Navais e Océanicos de Galicia. As xornadas contaron ca presenza de expertos nacionais e internacionais. As principais conclusións a extraer das mesmas son:

- A recuperación do saber facer tanto da construción naval como da navegación tradicional ten un potencial socioeconómico importante, xa que logo revitaliza a industria artesanal e crea produtos turísticos de alto valor engadido que, en definitiva, permiten a recuperación dos usos tradicionais a través da navegación e dos oficios artesanais con figuras específicas de protección tanto a nivel do recoñecemento patrimonial como de uso para lecer.
- Non obstante, o mantemento das embarcacións en uso debe ser respectuoso co valor patrimonial das mesmas e observar as recomendacións da *Carta de Barcelona*.
- A nivel de España e máis concretamente de Galicia, a conciencia do valor cultural das embarcacións está en auxe.
- É preciso actualizar e/ou realizar traballos sistemáticos de inventario de embarcacións que permitan definir e clasificar os barcos en categorías e/ou tipoloxías dadas.
- Case toda a lexislación en materia de patrimonio está orientada a bens móbiles e inmóbiles de terra, non recollendo así, as peculiaridades dos bens móbiles a flote.
- O desenvolvemento dunha actividade de lecer en buques tradicionais choca contra unha normativa en materia de seguridade pensada e adaptada para buques modernos.

Con todo, esta problemática, como xa aconteceu noutros países, pode ser resolta propiciando cambios lexislativos que na protección, quer en materia de seguridade marítima. Asemade, a Política Marítima Común Europea fai un recoñecemento explícito ao patrimonio marítimo como salvagarda dunha identidade e dun saber facer indispensable para entender e comprender a historia de Europa.

Resumindo, a cultura marítimo-fluvial é un conxunto inxente de recursos intanxíbeis e materiais, acumulados ao longo de xeracións, que explican a nosa historia e xeran os nosos comportamentos de

PROGRAMA

Xoves día 18:
09:30 Acto de Inauguración das xornadas.

Primeiro panel: Marco asociativo e fiscal

10:00 Leis de Dereito de Asociación, de Fundacións e de Mecinado como figuras a contemplar para a conservación e uso de embarcacións tradicionais. Eduardo Rodríguez Magdalena

Segundo panel: Experiencias de recuperación e exhibición

11:00 O Navío Santo André. Alvaro Garrido, Director do Museo de Ilhavo, Portugal.

12:00 Descanso

12:15 El Corrello de la Palma. Juan Pedro Morales Chacón e Jesús Alarcón Prieto

13:30 Quenda de preguntas.

14:00 Comida.

Terceiro panel: Experiencia lexislativa en Francia.

16:00 As figuras de protección e incentivos fiscais na lexislación francesa. A Fundación do Patrimonio Marítimo Fluvial. Marc Pabois.

17:30 Descanso.

18:00 Quenda de preguntas.

19:00 Conclusións

19:30 Acto de Clausura por parte da Consellería de Cultura

INSCRIPCIÓN

A entrada é libre e gratuita, supeditada ao aforo máximo de 90 persoas.

Para aqueles asistentes que queiran xantar no Museo, haberá un menú especial cun prezo de 11.5 €, sendo necesario face-la reserva do mesmo no momento da inscrición.

Para facer efectiva a inscrición compre con enviar o boletín de inscrición ao correo mdom@museodomar.com ou por fax 986247748.

Para quen o precise e así o faga constar, se estenderá un certificado de asistencia.

cara ao futuro. Non obstante, co chamado capitalismo cognitivo, os cambios socioculturais son moito máis rápidos xa que logo, non dependen da evolución do saber tradicional se non moito máis da incorporación de tecnoloxía allea, desprazando mesmo costumes “de sempre”, perdéndose calquera referencia histórica e cultural autóctona.

Porén, baixo o título de “ANALISE E PERSPECTIVAS PARA O RECOÑECEMENTO DO VALOR PATRIMONIAL, PRESERVACIÓN E USO DAS EMBARCACIONES TRADICIONAIS” o Museo do Mar de Galicia organiza unha nova xornada técnica que permita darlle continuidade ao exposto en Ferrol.

OBXECTIVO E ALCANCE

A xornada ten como obxectivo coñecer experiencias de recuperación e marcos lexislativos de aplicación ás embarcacións que permitan o recoñecemento patrimonial das mesmas, a súa conservación e restauración así como o seu mantemento a flote, quer como testemuñas históricas, quer como un xeito de perpetuar os saberes tradicionais.

Porén, a xornada se iniciará cunha serie de palestras divididas en paneis temáticos. O primeiro panel versará sobre o marco normativo de fundacións e asociacións e os incentivos fiscais contemplados na lei de mecinado, como base para fomentar o apoio privado ás embarcacións. No segundo panel se expoñerán experiencias de recuperación e mantemento de embarcacións, en operación e como museo. Finalmente no terceiro panel se detallará a experiencia francesa no tocante a conservación do patrimonio marítimo.

A finalización destes paneis haberá un debate. Se recollerán en acta as principais conclusións da xornada e mesmo se elaborarán unha serie de recomendacións de cara a futuras intervencións.

Haberá un sistema de tradución para facilitar a comprensión do convidado francés.